

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL CAMBADOS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DE DIVERSAS ORDENANZAS FISCAIS

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamación ningunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo do Pleno do Concello de data 30/10/2014, de modificación de diversas Ordenanzas Fiscais, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 10/11/2014, procedéndose segundo o disposto no artigo 17.4 do devandito texto legal, á publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo.

1º.- MODIFICAR PARCIALMENTE A ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA,

Nos Termos Que Se Transcriben A Continuación:

Artigo 1º.- Natureza e fundamento.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga.

Artigo 2º.- Feito imposable.

Constitúen o feito imposable da taxa a prestación dos servizos de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas, e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, así como a reapertura nos casos de corte de auga.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

- Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.

- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

De conformidade co artigo 36.3 da LXT, en concordancia co artigo 23.2 do TRLRFL será o substituto o suxeito pasivo que, por imposición da lei e en lugar do contribuínte, este obrigado a cumprir a obriga tributaria.

Artigo 4º.- Responsables.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS (IVE non incluído)	
Concepto	Importe (€/m3) por auga facturada
USOS DOMESTICOS.-	
Mínimo ata 15 m3/mes	0,3657
De 15 a 25 m3	0,4200
De máis de 25 m3	0,4656
USOS COMERCIAIS.-	
Mínimo ata 15 m3/mes	0,4200
Más de 15 m3	0,4656
USOS INDUSTRIAIS.-	
Mínimo ata 40 m3/mes	0,4200
De 40 a 100 m3	0,4656
De máis de 100 m3	0,5109
PARA OBRAS.-	
Mínimo ata 100 m3/mes	0,4656
De máis de 100 m3	0,5109
CUOTA DE MANTEMENTO.-	
Usos domésticos (aboado/mes)	3,185
Uso comercial (aboado/mes)	8,392
Uso industrial (aboado/mes)	10,184
Uso xeral de obras (aboado/mes)	11,212
Uso obras vivendas unifamiliares (aboado/mes)	5,606
Facturarase mensualmente ós consumidores de mais de 100 m3/mes que o soliciten	
No caso de existir contador xeral computaranse todas as vivendas existentes na edificación	
Conservación de contadores (cota por vivenda ou local/mes)	
No caso de existir contador xeral computaranse tódalas vivendas existentes na edificación	0,620
TAXA DE REAPERTURA POR CORTE DE AUGA.-	
Taxa de reapertura (euros)	42,79
TAXA DE ACOMETIDA.- (A percibir polo Concello)	
Por vivenda ou local	
(No suposto de existir un contador xeral computaranse tódalas vivendas ou locais existentes na edificación)	48,44

TARIFAS DE ACOMETIDAS DE AUGA POTABLE E INSTALACIÓN DE CONTADORES*Unidades de obra:**1 Collar de toma de fundición, incluso banda de aceiro inoxidable.**Ml. tubo de P.E. de 16 Atm. de presión de traballo**1 Chave de rexistro de cuadradillo, tipo GREINER ou similar**1 Arqueta con rexistro de fundición**2 a 4 Enlaces latón, tipo GREINER ou similar**Apertura e peche de gavia en terreo normal a unha profundidade máx. de 1,2 m.**Mano de obra realización do montaxe da acometida*

Acometidas de 1 a 3 m.:					
	Diámetro da acometida				
Reposición:	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Sen apertura	206,67 €	224,99 €	265,36 €	424,35 €	547,88 €
Terra	285,50 €	303,83 €	344,30 €	503,58 €	627,38 €
Asfalto	360,07 €	378,42 €	418,86 €	578,17 €	701,95 €
Formigón	368,48 €	386,82 €	427,27 €	586,56 €	710,35 €
Beirarrúa/lastro	401,81 €	420,16 €	460,59 €	619,91 €	743,67 €
Losa de pedra	560,54 €	578,22 €	595,89 €	749,52 €	877,66 €
Acometidas de mais de 3 m.e ata 10 m. (€/m):					
	Diámetro da acometida				
Reposición:	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Sen apertura	1,40 €/m	2,21 €/m	3,47 €/m	5,37 €/m	8,46 €/m
Terra	27,63 €/m	28,47 €/m	29,79 €/m	31,79 €/m	35,01 €/m
Asfalto	52,48 €/m	53,33 €/m	54,64 €/m	56,65 €/m	59,87 €/m
Formigón	55,25 €/m	56,14 €/m	57,45 €/m	59,44 €/m	62,68 €/m
Beirarrúa/lastro	66,38 €/m	67,25 €/m	68,54 €/m	70,56 €/m	73,79 €/m
Lousa de pedra	88,00 €/m	89,89 €/m	90,11 €/m	91,94 €/m	94,92 €/m
Os prezos incrementaranse no I.V.E. correspondente					
Nota: As acometidas en terreo en roca terán un suplemento de 58,86 € por ml.					

TARIFAS DE INSTALACIÓN DE CONTADORES

Os contadores que se utilizan como medidores de caudal están autorizados polo Ministerio de Industria e Enerxía

Cando o contador a instalar sexa dun diámetro superior a 30 mm. ou ben sexa preciso realizar reformas nas instalacións, presentará o peticionario un presuposto incluíndo man de obra e materiais a empregar.

Material	Contador	Instalación	Total
Ud. Contador Diam. 13 Mm.	42,50 €	29,83 €	72,33 €
Ud. Contador Diam. 15Mm.	48,79 €	30,96 €	79,75 €
Ud. Contador Diam. 20 Mm.	59,57 €	38,24 €	97,81 €
Ud. Contador Diam. 25 Mm.	101,69 €	48,71 €	150,40 €
Ud. Contador Diam. 30Mm.	165,14 €	58,63 €	223,77 €
Tarifa Doutsos Diámetros Contadores			
Material	Importe Contador		
Ud. Contador Diam. 40 Mm.	284,57 €		
Ud. Contador Diam. 50 Mm.	605,54 €		
Ud. Contador Diam. 65 Mm.	750,69 €		
Outras Tarifas			
Ud. Válvula De Corte Diám. 25-32 Mm			9,99 €
Ud. Válvula De Purga Diám. 25-32 Mm			5,10 €
Válvula De Retención Diám. 25-32 Mm			5,93 €
Filtro Diám. 25-32 Mm			10,32 €
Os Prezos Incrementaranse No I.v.e. Correspondente			

Artigo 6º.- Beneficios fiscais.-

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.- Devengo.-

- Cando se trate de servizos non periódicos percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo.
- Cando se trate de servizos periódicos percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada trimestre natural, excepto no momento da alta no padrón, caso no que se percibirá a partir dese mesmo momento.

Artigo 8º.- Liquidación.-

A) Cando se trate de servizos non periódicos:

- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude, liquidarase nese momento ou nun momento posterior, pero sempre antes de prestalo servizo ou de realizala actividade.
- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade, debendo facerse o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.
- Si se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose

o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

B) Cando se trate de servizos periódicos:

- Nos supostos de licenzas de acometida, a taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O suxeito pasivo deberá efectuar o ingreso correspondente no momento de presentala solicitude para que esta sexa admitida a trámite.
- Unha vez incluído no padrón correspondente, practicarase a liquidación con periodicidade trimestral, debendo facerse o ingreso nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

Artigo 9º.- Normas de xestión.-

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa cada concello.
- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.
- Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no trimestre natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Artigo 10º.- Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.-

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os procedementos de liquidación e recadación regulados nesta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL.-

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Venres, 29 de decembro de 2017

Núm. 248

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBADOS

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA
PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA*

*APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA
PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA*

Rematado o período de exposición pública do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 212, de data 6 de novembro de 2017, referente ao acordo adoptado polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de outubro de 2017, sobre modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de Distribución de Auga, sen que se tiveran presentado reclamacións, procede a publicarse o texto íntegro da modificación aprobada definitivamente a efectos da súa entrada en vigor:

“PREÁMBULO

O Pleno do concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga

ARTIGO 5 - COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:K7IHH4NZY29FSKE9



Venres, 29 de decembro de 2017

Núm. 248

TARIFAS
(IVE non incluído)

Concepto	Importe (€/m3) por auga facturada
USOS DOMESTICOS.-	
Mínimo ata 15 m3/mes	0,3696
De 15 a 25 m3	0,4246
Mais de 25 m3	0,4706
USOS COMERCIAIS.-	
Mínimo ata 15 m3/mes	0,4246
Mais de 15 m3	0,4706
USOS INDUSTRIAIS.-	
Mínimo ata 40 m3/mes	0,4246
De 40 a 100 m3	0,4706
Mais de 100 m3	0,5165
PARA OBRAS.-	
Mínimo ata 100 m3/mes	0,4706
Mais de 100 m3	0,5165
CUOTA DE MANTEMENTO.-	
Uso doméstico (aboado/mes)	3,220
Uso comercial (aboado/mes)	8,484
Uso industrial (aboado/mes)	10,295
Uso xeral de obras (aboado/mes)	11,334
Uso obras vivendas unifamiliares (aboado/mes)	5,667
Facturarase mensualmente ós consumidores de mais de 100 m3/mes que o soliciten No caso de existir contador xeral computaranse todas as vivendas existentes na edificación	
Conservación de contadores (cota por vivenda ou local/mes) No caso de existir contador xeral computaranse tódalas vivendas existentes na edificación	0,627
TAXA DE REAPERTURA POR CORTE DE AUGA.-	
Taxa de reapertura (euros)	43,26
TAXA DE ACOMETIDA.- (A percibir polo Concello)	
Por vivenda ou local (No suposto de existir un contador xeral computaranse tódalas vivendas ou locais existentes na edificación)	48,25

TARIFAS DE ACOMETIDAS DE AUGA POTABLE E INSTALACIÓN DE CONTADORES**Unidades de obra:**

- 1 Collar de toma de fundición, incluso banda de aceiro inoxidable.
- Ml. tubo de P.E. de 16 Atm. de presión de traballo
- 1 Chave de rexistro de cuadradillo, tipo GREINER ou similar
- 1 Arqueta con rexistro de fundición
- 2 a 4 Enlaces latón, tipo GREINER ou similar



Venres, 29 de decembro de 2017

Núm. 248

Apertura e peche de gabia en terreo normal a unha profundidade máx. de 1,2 m.

Mano de obra realización do montaxe da acometida

Acometidas de 1 a 3 m.:

Reposición:	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Sen apertura	208,92 €	227,45 €	268,26 €	428,99 €	553,86 €
Terra	288,63 €	307,15 €	348,06 €	509,09 €	634,24 €
Asfalto	364,00 €	382,55 €	423,43 €	584,48 €	709,62 €
Formigón	372,51 €	391,04 €	431,93 €	592,97 €	718,11 €
Beirarrúa/lastro	406,20 €	424,75 €	465,62 €	626,68 €	751,80 €
Losa de pedra	566,66 €	584,54 €	602,41 €	757,70 €	887,25 €

Acometidas de mais de 3 m.e ata 10 m. (€/m):

Reposición:	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Sen apertura	1,41 €/m	2,24 €/m	3,52 €/m	5,43 €/m	8,55 €/m
Terra	27,93 €/m	28,78 €/m	30,11 €/m	32,14 €/m	35,40 €/m
Asfalto	53,06 €/m	53,92 €/m	55,24 €/m	57,26 €/m	60,52 €/m
Formigón	55,85 €/m	56,75 €/m	58,07 €/m	60,09 €/m	63,37 €/m
Beirarrúa/lastro	67,10 €/m	67,98 €/m	69,29 €/m	71,33 €/m	74,59 €/m
Lousa de pedra	88,96 €/m	89,86 €/m	91,09 €/m	92,94 €/m	95,96 €/m

Os prezos incrementaranse no I.V.E.
correspondente

Nota: As acometidas en terreo en roca terán un suplemento de 59,21 € por ml.

TARIFAS DE INSTALACIÓN DE CONTADORES

Os contadores que se utilizan como medidores de caudal están autorizados polo Ministerio de Industria e Enerxía.

Cando o contador a instalar sexa dun diámetro superior a 30 mm. ou ben sexa preciso realizar reformas nas instalacións, presentará o peticionario un presuposto incluíndo man de obra e materiais a empregar

MATERIAL	Importe Contador	Importe Instalación	Importe total
Ud. contador diam. 13 mm.	42,97 €	30,15 €	73,12 €
Ud. contador diam. 15mm.	49,32 €	31,30 €	80,62 €
Ud. contador diam. 20 mm.	60,22 €	38,66 €	98,88 €
Ud. contador diam. 25 mm.	102,80 €	49,25 €	152,04 €
Ud. contador diam. 30mm.	166,95€	59,27 €	226,22 €

Os prezos incrementaranse no I.V.E correspondente



Venres, 29 de decembro de 2017

Núm. 248

Tarifa doutros diámetros contadores

MATERIAL	Importe Contador
Ud. contador diám. 40 mm.	287,68 €
Ud. contador diám. 50 mm.	612,16 €
Ud. contador diám. 65 mm.	758,89 €

OUTRAS TARIFAS

Ud. Válvula de corte diám. 25-32 mm	10,10 €
Ud. Válvula de purga diám. 25-32 mm	5,15 €
Válvula de retención diám. 25-32 mm	5,99 €
Filtro diám. 25-32 mm	10,43 €

Os prezos incrementaranse no I.V.E. correspondente

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

En Cambados, a 22 de decembro de 2017.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:K7IHH4NZY29FSKE9

